



ÁREA DE REXENERACIÓN URBANA E
DEREITO Á VIVENDA
Departamento de Planeamento
63110I00RT 631/2015/307
Exp.: MPP-1/15

MARÍA EUGENIA VIEITO BLANCO, Secretaria da Xunta de Goberno Local
do Excmo. Concello da Coruña

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión realizada no día de hoxe, adoptou, entre outros, o acordo que copiado do borrador do Acta é do seguinte tenor:

“PRIMEIRO.- Aprobar a proposta de suspensión cautelar de licenzas de parcelamento de terreos, edificación e demolición e do proxecto de urbanización, polo prazo dun ano, nos seguintes ámbitos do plan parcial do SURT-2 “Sector S-10. Parque Ofimático”:

1. A totalidade do ámbito situado na marxe dereita da Avenida de Lavedra (en sentido saída da cidade), constituída polo sistema viario VL-13, V-14 e VL-15, equipamento público escolar 4, espazos libres EL-3, EL-31, EL-32, EL-33 e EL-34, e parcela edificable Z-47, do plan parcial.
2. O treito do vial VL-13, correspondente ao paso sobre a Avenida de Lavedra (excluída a rotonda).

Segundo a delimitación grafada no plano que se achega á presente proposta.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo de suspensión no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, así como na páxina web do concello.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos Servizos municipais implicados na execución do planeamento”.

E para que conste, expido a presente, ao amparo e coa salvedade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais e a resultados do texto definitivo do Acta.

A CORUÑA,

05 AGO. 2016